

COMISIÓN INFORMATIVA DE IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **19 de xullo de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. ^a María Teresa Cerdeira Valiñas	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 19 de xullo de 2018 , ás 17.00 horas, baixo a presidencia de dona M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. ^a M. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. ^a Ana M. ^a Villarino Pardo	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. Adolfo González Nóvoa	
D. Vicente Gómez García	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 21 de xullo de 2018, non se formulan observacións e queda aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A REGULARIZACIÓN DA PROFESIÓN DE EDUCACIÓN SOCIAL.-

A **presidenta da comisión** expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á Regularización da Profesión da Educación Social en Galicia a través dunha Lei Galega de Profesionalización da Educación Social.

2º.- Instar á Presidencia do Goberno de España a desenvolver unha Lei de Regularización da profesión de Educación Social, a nivel estatal.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE O SERGAS PRESTE UN SERVIZO ADECUADO PARA A PROTECCIÓN DA SAÚDE DA INFANCIA.-

A Presidencia cede a palabra a dona Susana Rodríguez Rodríguez, deputada do Grupo Socialista, para que expoña e defenda o contido da moción.

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, deputada do Grupo Socialista, expón o contido da moción, dando lectura á parte dispositiva da proposta.

Non se producen intervencións, someténdose o asunto a votación, obtendo o voto favorable do Grupo Socialista (3) coa abstención do resto dos grupos, polo que a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. Que a Deputación de Ourense inste á Xunta de Galicia a adoptar de maneira urxente as medidas necesarias para que se desenvolva un plan de mellora da atención primaria e a reposición de prazas de pediatría, evitando así as derivacións masivas de menores a outros centros de saúde e a masificación destes centros de referencia.
2. Que esta deputación inste ó SERGAS para que restablezan, de xeito inmediato, os servizos de atención pediátrica nos concellos do rural da nosa provincia.
3. Dar traslado formal do acordo adoptado polo pleno da Deputación de Ourense á Xunta de Galicia e o Servizo Galego de Saúde.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentaron.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 17:10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan a presidenta e o secretario. Certifico.